



A Xunta intervé n tras as queixas na residencia EirÃs, na Coruña



Instalacións da residencia de EirÃs nunha imaxe tomada antes da súa apertura CESAR QUIAN

Familiares dos usuarios presentaron escritos ante a ConsellerÃa de PolÃtica Social e a Valedora do Pobo denunciando deficiencias no coidado dos maiores

16 may 2026 . Actualizado á 05:00 h.

[Whatsapp](#)

[Mail](#)

[Facebook](#)

[Twitter](#)

[Comentar](#) ·

PolÃtica Social tomará medidas inmediatas e de forma urxente para supervisar o funcionamento da nova residencia pÃblica de maiores de EirÃs, na Coruña. Esta decisi3n prodúcese tras unha onda de queixas presentados polos familiares ante a Inspecci3n da propia ConsellerÃa e a Valedora do Pobo, denunciando deficiencias no coidado.

«A Xunta est3 pendente e, no caso de que fose necesario, non titubear3 á hora de tomar decisi3ns, tal e como vén demostrando nos últimos anos», sinalan desde PolÃtica Social, desde onde engaden: «O bo funcionamento dos centros de atenci3n a maiores é innegociable, e mostra da preocupaci3n por algunhas queixas que estamos a recibir é que este mesmo mércores montouse unha reuni3n de urxencia cos responsables da xesti3n do centro para mellorar determinadas cuesti3ns».



Entre as queixas figuran problemas de hixiene, atrasos na atención básica e deficiencias sanitarias . Os escritos falan de «restos biolóxicos en chans, mobiliario e roupa de cama», cuartos sen acondicionar ata a tarde e residentes deitados toda a mañá ata «unir o almuerzo coa comida». Tamén denuncian «falta de control efectivo» na administración de medicación e «caídas reiteradas de residentes, algunhas con resultado de atención hospitalaria».

Desde [Ilunion](#), empresa que xestiona a residencia, indican que este centro como o resto dos que levan conta con protocolos específicos e que «o equipo do centro, ante calquera incidencia ou preocupación dos familiares pon en marcha un proceso de análise e revisión dos protocolos de hixiene, atención, medicación e prevención de riscos. E, se fose preciso, aplícanse as medidas necesarias»

Whatsapp

Mail

Facebook

Twitter

Comentar ·